



RADIO NA BIBLIO

CEIP DE CELEIRO (VIVEIRO-LUGO)



13

BREVE HISTORIA

"Celeiro nas ondas"

A través desta presentación intentarei resumir o que levamos feito ate o de agora. Comezarei dicindo que formamos parte do PLAMBE desde o curso 2009-2010 e así durante estes 13 anos a nosa biblioteca foise transformando nun lugar onde os soños se foron realizando, de aí que o nome da Biblio sexa BIBLIOSOÑOS.

Nun principio a biblioteca estaba localizada nunha aula duns 60 m² e chea de moitos andeis que non facilitaban a realización de actividades; pouco a pouco e despois de levar a cabo un expurgo exhaustivo (libros que non se correspondían coa idade do noso alumnado) foi quedando más ou menos nun lugar moito más acolledor. Pero, para todas as actividades que queriamos fazer, seguía quedando pequena polo que puxémonos a reestruturar o centro e así a antiga sala de informática (cuns 100 m² aproximadamente) pasou a ser a nova biblioteca.



22

ANTIGA BIBLIO



22



22

BIBLIO + EDLG



A través da participación de todo o claustro nas diferentes actividades e proxectos que convoca a Biblio e o Equipo Dinamizador da Lingua Galega (traballamos conxuntamente) fai posible que esta sexa o motor principal do colexio.

[BLOG BIBLIOSOÑOS](#)

[NOVO BLOG](#)

22

SOLICITUDE DO PROXECTO

11/



No curso 17-18 saíu a primeira convocatoria de Radio na Biblio e pareceuños moi interesante o proxecto, pero non foi ata o curso 18-19 que o solicitamos, despois de indagar como funcionaba e asistir aos Encontros onde se nos expuxeron exemplos de funcionamento das radios na biblio. No mes de outubro saíu a convocatoria e no mes de decembro a resolución.

RESOLUCIÓN RADIO NA BIBLIO

22

PASOS A SEGUIR




Localización do estudo.
Nos primeiros anos estivo na
Biblioteca (antiga e nova)
pero debido aos ruidos
externos tivemos que levala
para outra aula que é onde
está actualmente.



22

PASOS A SEGUIR

11/



Localización do estudo

No mes de maio de 2020, en plena pandemia e co alumnado nas casas aproveitamos para cambiar de localización o estudio da radio.

Aula mellor insonorizada

22

PASOS A SEGUIR



Alumnado participante
O Clastro determinou que este proxecto sería levado a cabo polo alumnado de 6º de Primaria con participación puntual dos demais cursos.



22

PASOS A SEGUIR

11/

Formación

Contamos coa información da Asesoría sobre as diferentes persoas ou entidades que nos poderían ofrecer este servizo.

Nós escollemos a Asociación Cultural e Pedagóxica
PONTE...NAS ONDAS!

Xerardo Feijoo e Damián Alonso foron os encargados de impartir a formación tanto ao alumnado coma ao profesorado.



PONTE...NAS ONDAS !



22

PASOS A SEGUIR

III

1º Obradoiro de Formación



22

PASOS A SEGUIR

11/

Materiais

Mercamos os equipos no mes de xaneiro, no comercio local de Viveiro e non deron chegado ata o mes de abril.

Pero a falta de materiais específicos non supuxo un impedimento para poder elaborar programas de radio ou podcasts.

Aproveitamos o equipo de son que xa tiñamos no colexio e tiramos para adiante. **ASÍ FIXEMOS O PROGRAMA_O**



22

NOME PARA A RADIO

11/



Convocamos un concurso de ideas para poñerlle nome á emisora e gañou a proposta de RUFOSOÑOS.

22

EQUIPO PARA A RADIO



No mes de abril de 2019 chegou todo o equipo para a radio e para aprender a manexalo tivemos unha nova formación con Ponte... nas ondas!

Nova formación con Xerardo e Damián de PONTE NAS ONDAS

22

DIVULGACIÓN

|||



Todos os podcasts e noticias relacionadas coa radio
son publicadas no blogue baixo a etiqueta de

RADIO NA BIBLIO, (antigo blogue)

RADIO NA BIBLIO, (novo blogue)

CANAL YOUTUBE DA RADIO

SOUNCLOUD

PÁXINA SITES

22

TIPOS DE PROGRAMAS

11/



Cada curso, o equipo da radio e biblio, xunto coas titorías, decidimos que alumnado vai estar encargado da Radio e que tipo de programas imos realizar.

Polo xeral sempre están relacionados co PD1, as celebracións, concursos e sempre se realiza algúun especial.

Este curso os encargados da realización dos programas serán os alumnos e alumnas de 5º e 6º de Primaria.



PROGRAMACIÓN



- Por trimestres programamos as posibles temáticas coa súa correspondente temporalización.
- Agrupamos ao alumnado en equipos de 4 ou 5 e repártense as tarefas: locutores, técnicos de son.
- Todo o grupo ten que buscar a información, redactar e realizar a escaleta; a música é tocada ou cantada polo alumnado do colexio.
- A procura da información poden realizala na casa, no colexio e para completar a escaleta dispoñen de horario lectivo.
- Unha vez rematado este proceso ensaiamos unhas veces e procedemos á gravación, edición e divulgación do programa.

22

TIPOS DE PROGRAMAS

11/

CURSO 18-19

CURSO 19-20

CURSO 20-21

CURSO 21-22

CURSO 22-23





OBXECTIVOS

Obxectivos Xerais da Radio Na Biblio

- Confeccionar unha emisora que emita con certa periodicidade na internet, a través de arquivos de audiogravado (podcast).
- Utilizar o taller de radio como recurso pedagóxico ao servizo das áreas curriculares e de Tempo libre.
- Desenvolver unha nova maneira de educar: activa, aberta á vida, crítica e solidaria

Obxectivos Específicos da Radio Na Biblio

- Integrar, a través da radio, as diferentes áreas do currículo escolar, de tal forma que as palabras sirvan para desenvolver as competencias básicas.
- Favorecer o traballo cooperativo e integrador dos membros participantes, tanto entre alumnos, como destes cos seus tutores.
- Crear vías de expresión e de comunicación no noso alumnado que lles axuden a defender os seus criterios, vencer a timidez...
- Mellorar a producción oral e escrita do alumnado, como proceso básico de comunicación.
- Integrar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, TIC, na realidade educativa.
- Fomentar a responsabilidade e o gusto pola lectura e a correcta expresión oral e escrita.
- Desenvolver a creatividade no proceso de xeración dos programas radiofónicos.
- Solicitar información con independencia e audacia, desenvolvendo o espírito investigador.
- Aumentar as competencias lingüísticas.
- Servir de ligazón entre a Escola e a súa Comunidade.



22



MOITAS GRACIAS POLA ATENCIÓN



MARTA PÉREZ LAGE
COORDINADORA DA RADIO
CEIP DE CELEIRO
Viveriro (Lugo)

